

Concurso de Traballos por Proxectos 2024/25

Código: 15016292	Centro: CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei
Provincia : A Coruña	Localidade: A Esquipa (Sabugueira, Santiago de Compostela)

1.- INTRODUCCIÓN

“**Raíces**” é un proxecto documental integrado sobre as nosas orixes e patrimonio, desenvolvido durante a totalidade do curso 2024/25 no **CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei**, un centro rural de liña 1 situado na parroquia de Sabugueira (concello de Santiago de Compostela), ao pé do Camiño Francés.

O noso centro educativo comezou coa súa transformación pedagóxica no pasado 2018, e sufriu unha gran renovación estrutural dentro do plan de nova Arquitectura Pedagóxica fai algo máis de tres cursos, o cal impulsou a valiosa labor de toda a comunidade educativa. Na filosofía de centro, promovemos os espazos acolledores e pretendemos unha organización espacial e metodolóxica que contemple ao alumnado como o verdadeiro protagonista do seu proceso de ensino aprendizaxe. Os ambientes están planificados con conciencia e reflexión, para favorecer a autonomía e potenciar o desenvolvemento integral dos/das nenos/as. En relación á infraestrutura, dicir que é un centro de E. Infantil e Primaria de titularidade pública que funciona de forma integrada, con dous edificios nos que se mesturan ensinanzas, un patio cuberto e un pavillón de usos múltiples de titularidade do Concello de Santiago de Compostela.

Partindo da biblioteca escolar, no proxecto participou o 100% do **alumnado** e **profesorado** do colexio, así como diversas **entidades locais**: Asociación de Familias “As Landras”, veciñanza, Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira, ONG Farmamundi, docentes da Facultade de Ciencias da Educación da USC (Leticia López-Mondéjar e Xosé Armas), xornalistas para difundir o traballo realizado, Ponte nas Ondas, Nova Escola Galega...

O proxecto “Raíces” permitiunos traballar dun xeito **competencial, activo, vivencial, motivador e interdisciplinar**. A través deste, o alumnado desenvolveu a totalidade das **competencias clave** e **obxectivos de etapa** recollidas no *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e no *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Ademais, tamén se traballaron diversos **obxectivos de área, criterios de avaliación e contidos** de diferentes áreas curriculares, especialmente de Lingua Galega e Literatura e Ciencias Sociais. Por outra banda, desenvolvéronse tamén moitos **elementos transversais**: a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade e do emprendemento, a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, o desenvolvemento sustentable, a educación emocional e en valores, a prevención e resolución pacífica de conflitos, os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo

político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito...

2.- OBXECTO

O proxecto “Raíces” centrouse na investigación e estudo das nosas **orixes e patrimonio**. Ao longo de todo o curso escolar, desenvolvemos diversas actividades relacionadas con **Galicia e a cultura galega**, así como outras máis centradas en **Sabugueira, a nosa parroquia**. Traballamos aspectos tales como o patrimonio material, o patrimonio inmaterial, a historia, as lendas, a música, as festas, a comida, os traxes, os oficios tradicionais, a artesanía, a arte, a literatura, os intercambios interxeracionais...

3.- PROCESO

O deseño do proxecto xurdiu dende o **Equipo de Dinamización da Biblioteca** (ao que pertence todo o Claustro), co apoio do **Equipo Directivo**.

Ao longo do cada trimestre, o profesorado mantivo frecuentes reunións de coordinación para a proposta das diferentes iniciativas e actividades, informar dos avances coas diferentes entidades locais, facer un seguimento do traballo nas aulas...

Así mesmo, tamén mantivemos múltiples reunións, tanto presenciais (no colexio e na localidade) como telemáticas, coas entidades locais colaboradoras (ONG Farmamundi, Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira, docentes da USC...).

4.- DOCUMENTACIÓN

Ao longo do proxecto elaborouse diversa documentación:

- **Para o profesorado:** documentos resumo das actividades propostas, guía explicativa para o uso da ferramenta dixital Mymaps (empregada para elaborar o mapa colaborativo en rede), listaxe de libros informativos sobre a parroquia de Sabugueira...
- **Para o alumnado** (en varias delas participou o propio alumnado na súa elaboración): xogo “O patrimonio de Sabugueira”, mapa “Raíces de Sabugueira”, exposición sobre seres mitolóxicos galegos, material sobre o Samaín, documentos sobre Rosalía de Castro e sobre as cantareiras, presentación sobre galegos/as que loitaron pola paz...

5.- TAREFAS

5.1.- Produtos finais do proxecto e Feira veciñal “Sabugueira Saudable”

Os **produtos finais** do proxecto foron os seguintes:

- **Mapa colaborativo “Raíces de Sabugueira”**, que recolle o patrimonio material e inmaterial de Sabugueira no que cada aula recolleu o aprendido no proceso de investigación que realizou ao longo de todo o curso (roteiros pola parroquia, libros informativos, Internet...). Este mapa inclúe fotografías, vídeos e carteis informativos realizados polo alumnado. Trátase dun mapa vivo, que seguirá completándose ao longo dos anos. Ademais de na rede, tamén se atopa no exterior do colexio. No cartel exposto, tamén animamos aos peregrinos/as que pasan polo centro ao facer o Camiño de Santiago, a enviarnos fotos ou vídeos do seu paso pola parroquia, a contarnos o que máis lles gustou, a falarnos sobre o seu lugar de procedencia e patrimonio...
- **Xogo de tarxetas “O patrimonio de Sabugueira”** para a biblioteca do colexio e para todas as aulas, así como para o Local Sociocultural de Sabugueira.

Os dous produtos finais foron presentados na **Feira Veciñal “Sabugueira Saudable”**, celebrada o pasado 7 de xuño do 2025 en Lavacolla. Nesta feira participaron diversas entidades locais como a ONG Farmamundi, Asociación Lavacolla Activa, Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira, comercios da parroquia, o Concello de Santiago de Compostela, a Rede Galega de Promoción da Saúde (REGAPS)...

5.2.- Máis actividades sobre Sabugueira

- **Proceso de investigación sobre Sabugueira:** Todos os cursos realizaron roteiros pola parroquia xunto a asociacións locais como a Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira, para coñecer o noso patrimonio. Ademais, cada grupo tamén completou a súa investigación con libros informativos pertencentes á biblioteca escolar e con procuras de información na rede.
- **Programa radiofónico “Roteiro por Sabugueira”:** programa radiofónico no que entrevistamos á Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira, na Gran Xornada de Radio Multimedia en directo, celebrada polo 30º Aniversario de Ponte nas Ondas na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Para darlle difusión ao programa, puxemos no timbre da escola varios anacos deste, para a escoita de toda a comunidade educativa.
- **Proxecto audiovisual “A porta do Monte do Gozo”:** proxecto audiovisual realizado pola AFA As Landras co alumnado, para o concurso de ANPAS Galegas “Somos Rural”.
- **Camiño de Santiago:** Para rematar o curso, toda a comunidade educativa, acompañada tamén de representantes da veciñanza, realizamos o último tramo do Camiño de Santiago, parte do noso patrimonio inmaterial.

- **XIV Seminario sobre a Memoria organizado por Nova Escola Galega:**

Participamos neste seminario celebrado en Lavacolla, contando o noso proxecto “Raíces”.

5.3.- Outras actividades do proxecto

1º Trimestre

- **Samaín:**

- Exposición sobre seres mitolóxicos galegos na biblioteca escolar.
- Lecturas sobre a cultura celta e sobre Samaín, contos na lareira e exposición de cabazas terroríficas.
- Creación do conxuros nas aulas e celebración dun roteiro todo o centro para representalos nun bosque da contorna, vestido de Santa Compaña.
- Robótica e xogos de mesa sobre seres mitolóxicos galegos.
- Composicións artísticas sobre símbolos celtas.

- **Magosto:**

- Elaboración de bolsos para gardas as castañas, traballando así os oficios tradicionais (costureiras).

- Coro canción tradicional “Monte Viso” e degustación de castañas para toda a comunidade educativa.
- **Día Internacional Contra a Violencia de Xénero:** Todos/as cantamos o “Verdegaio Lila”, unha canción tradicional adaptada para o 25N, fixemos unha exposición de libros na biblioteca, teatro de profes e gravamos programas radiofónicos na radio escolar.
- **Nadal:** Festexemos o Nadal con varias actividades: cantamos panxoliñas e repartimos postais de Nadal pola parroquia, visitounos o Apalpador (personaxe típica do Nadal galego), intercambiamos regalos reutilizados coa dinámica do Estudiante Invisible, escoitamos contos que nos contaron as familias, destrutamos dunha festa de Nadal na que participou toda a comunidade educativa con Badaladas e un coro coa canción Pirimpimpín...
- **Visita a residencias de maiores:** Visitamos tres residencias de maiores como actividade interxeracional e intercambios de saberes entre diferentes xeracións (Santiago, Arzúa...).

2º Trimestre

- **Día Escolar da Non Violencia e da Paz:** traballamos varios galegos/as que loitaron pola paz, entre eles os veciños/as de Amarelle (parroquia de Sabugueira). Tamén fixemos unha exposición de libros sobre a paz na biblioteca,

elaboramos pulseiras coa cortador láser e desfrutamos dunha xornada de obradoiros multinivel.

- **Día Internacional da Lingua Materna:** concerto Paco Pakolas e Ecoralia e visita do conselleiro de Educación e o conselleiro de Cultura.
- **Entroido:**
 - Investigación sobre o Entroido tradicional galego (Peliqueiros, Xenerais da Ulla...).
 - Mandados do Meco relacionados coa cultura galega: símbolos celtas, Camiño de Santiago, palabras galegas...
 - O 24 de febreiro puxemos os nosos disfraces relacionados con Galicia e celebramos un gran Feirón de Entroido no que participou toda a comunidade educativa, para recadar fondos para mercar material para o patio.
- **Día de Rosalía de Castro:** homenaxeamos a Rosalía recordando a súa vida e obra. Utilizamos a nosa voz para recitar e cantar os seus poemas. Decoramos a nosa pel con palabras dos seus versos. As mans das familias deron vida ao “Xardín de Rosalía”. E a través das súas letras seguimos recordando a nosa poeta máis recoñecida.

- **Visita o Museo do Pobo Galego** para coñecer máis sobre a nosa cultura e patrimonio.
- **Día da Muller e a Nena na Ciencia, Día Internacional da Muller e Semana da Prensa:** fixemos varias actividades como exposición de lecturas feministas na biblioteca, investigación e experimentos sobre unha muller científica galega en cada aula e exposición de noticias sobre estas mulleres na biblioteca elaboradas por cada grupo-aula.

3º Trimestre

- **Roteiro interxeracional coa veciñanza para identificar plantas autóctonas e o seu uso tradicional.**
- **Semana das Letras Galegas:** Tivemos varias exposicións no colexio con libros, carteis informativos, instrumentos tradiconais e traxes... Participamos en varios obradoiros organizados por Xesta Brava, sobre as cantareiras e os instrumentos e música tradicional galega, para alumnado e familias. Tamén fixemos unha procura do tesouro sobre as canteriras con diversas probas (o tesouro eras libros en galego para todos/as e unha pandeireta feita na impresora 3D para cada aula). Por último, descubrimos como se fan as pandeiretas da man do artesán e veciño Sanín e preparamos o Maio para cantar e tocar arredor del!
- **Día Mundial do Medio Ambiente:** En xuño visitamos o Parque Natural das Dunas de Corrubedo e as Lagoas de Carregal e Vixán, como parte do patrimonio

natural de Galicia. Realizamos tamén varias actividades relacionadas co coidado e conervación da natureza e do patrimonio natural (obradoiros, recollida de lixo, composteiro...).

- **Investigación sobre seres vivos galegos:** Realizamos investigacións e exposicións orais sobre seres vivos galegos (animais e plantas), e recollemos todo nunha “enciclopedia”.
- **Participación nunha investigación sobre o uso do patrimonio arqueolóxico na etapa de educación primaria,** desenvolvida polos grupos de investigación RODA da USC e o Laboratorio Temporal I+D da Universidade de Murcia.

6.- RECURSOS

Empregamos múltiples recursos:

- **Recursos humanos:** alumnado, profesorado, familias, colaboradores externos (ONG Farmamundi, Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira, docentes da Facultade de Ciencias da Educación da USC...).
- **Recursos ambientais:** aulas, biblioteca escolar, patio e zonas verdes do colexio, radio escolar, recuncho de Polos Creativos, parroquia de Sabugueira...

- **Recursos materiais:** libros informativos, libros de lectura, material funxible, ordenadores, Internet, pantallas dixitais, impresora, plastificadora, radio escolar, cámara fotográfica, cortadora láser, bolsas de tea, ferramenta dixital MyMaps, ferramenta dixital Canva, xogos de mesa, robot e tableiro, teas, agullas infantís, instrumentos musicais, pezas musicais, material de refugallo, elementos da natureza...

As principais **fontes bibliográficas** empregadas nos procesos de investigación foron as seguintes:

- Neira Pereira, H. (2004). *San Paio de Sabugueira: a parroquia compostelá*. Editorial Galaxia.
- Brasa Arias, B. et al. (2024). *Guerra de 1936/1939 en Compostela: Campo de Concentración de Lavacolla e Cadeas de Santa Isabel e a Falcona*. Concello de Santiago de Compostela e Agrupación Cultural O Galo.
- Cequeliños, C. e Campos J. (2022). *Historia da Galicia pequeniña*. Aira Editorial.
- Cequeliños, C. e Campos J. (2020). *Atlas da Galicia pequeniña*. Aira Editorial.
- Miranda, X., Reigosa, A. e Cuba, X. R. (2022). *Pequena mitoloxía de Galicia*. Edicións Xerais.

- Miranda, X., Reigosa, A. e Cuba, X. R. (2006). *Dicionario dos seres míticos galegos*. Edicións Xerais.
- Veiga, R. D. (2018). *É tempo de Entroido*. Edicións Xerais.
- De Evan, A., Dominguez, X. e Gregores, B. (2023). *Rosalía de Castro: Muidiños*. Edicións Do Cumio.
- Blanco, I. (2021). *Galegas na ciencia*. Belagua Ediciones.
- Rodríguez, A. (2018). *Pioneiras*. Edicións Xerais.
- Varela, I. e Varela, X. M. (2025). *Cantareiras*. Edicións Xerais.

7.- IMPLICACIÓN

O nivel de implicación foi **alto** por parte de todos os membros da comunidade (alumnado, profesorado, familias e entidades locais).

O proxecto serviu para que as persoas participantes coñecesen o noso patrimonio e para por en valor a riqueza patrimonial de Galicia e da nosa parroquia. Todo isto permitiu desenvolver na comunidade o **sentimento de pertenza**, a **competencia cidadá** e os **valores democráticos**, reforzando tamén os **lazos entre os diferentes membros da comunidade educativa** e abrindo **novas canles de colaboración** con diversas entidades, máis alá do centro escolar.

As testemuñas de nenos/as, familias e veciños/as foron realmente emocionantes: pequenos/as que chegaban ás casas contando historias sobre a parroquia, familias felicitando a membros das asociacións locais polo seu labor de ensinar aos nenos/as a riqueza patrimonial de Sabugueira...

Por este motivo, pretendemos continuar traballando esta temática nos vindeiros cursos.

8.- DIFUSIÓN

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrerodriguezxixirei/>

Instagram: https://www.instagram.com/ceipp_mestrerodriguezxixirei/

Outros: Feira Veciñal “Sabugueira Saudable”, cartel co mapa colocado no exterior do colexio ao pé do Camiño de Santiago, sección fixa na web do centro (mapa patrimonial da parroquia), XIV Seminario sobre a Memoria organizado por Nova Escola Galega, Xornada de radio multimedia en directo polo 30º Aniversario de Ponte nas Ondas, varios podcast sobre o patrimonio de Sabugueira no timbre escolar...

Ademais, na última semana do curso, visitounos tamén unha xornalista para facer unha publicación sobre o proxecto desenvolvido en Sabugueira xunto coa veciñanza. Nesta entrevista estivo presente tamén unha representante da Asociación de Mulleres Rurais de Sabugueira e unha da ONG Farmamundi.

9.- AVALIACIÓN

Realizouse unha avaliación do alumnado, do profesorado e do proxecto:

- **Avaliación do alumnado:** a avaliación do alumnado realizouse en *tres momentos*: avaliación inicial (ao principio do proceso), avaliación continua (ao longo de todo o proceso, para introducir as melloras pertinentes) e avaliación final (reflexionouse sobre a consecución dos obxectivos, competencias e criterios de avaliación previstos). Como *técnica de avaliación* usouse principalmente a observación directa e sistemática, mentras que como *instrumentos de avaliación* empregouse o diario de aula e varias táboas de indicadores que permitiron comprobar a consecución dos diferentes criterios de avaliación.
- **Avaliación do profesorado:** empregáronse as reunións de coordinación e escalas de estimación que permitiron avaliar a propia práctica docente (a metodoloxía, os materiais, os recursos...).
- **Avaliación do proxecto:** os principais *indicadores de éxito* do proxecto eran os seguintes:

- Boa implicación por parte do alumnado.

- Boa implicación por parte do profesorado.
- Boa implicación por parte das familias.
- Boa implicación por parte dos colaboradores/as.
- Consecución dos obxectivos do proxecto propostos.
- Desenvolvemento correcto das competencias clave, obxectivos de etapa e criterios de avaliación por parte do alumnado.

10.- BIBLIOTECA

A biblioteca escolar foi un elemento clave no proxecto, pois o seu deseño partiu do Equipo de Dinamización da Biblioteca, ao que pertence todo o Claustro.

Por outra banda, en todas as aulas se levaron a cabo diversos procesos de investigación que empregaron os recursos da biblioteca (libros, carteis informativos, xogos didácticos, Internet, radio escolar...).

Ademais, na elaboración dos dous produtos finais do proxecto (mapa “Raíces de Sabugueira” e xogo de tarxetas “O patrimonio de Sabugueira”) os libros informativos sobre a nosa parroquia, ademais dos roteiros realizados xunto ás asociacións locais, foron unha das principais fontes empregadas.